

Materia	CIENCIAS DA NATUREZA	Páx.	1
Curso / Ciclo	4º de Educación Primaria		

<b>CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)</b>		
<p><b>1ª AVALIACIÓN (1-2)</b>  <b><u>Os seres vivos.As plantas</u></b>  <u>Contidos:</u>                      - Os seres vivos e as funcións vitais.                      - A función de nutrición das plantas.                      - A función de relación das plantas.                      - A función de reprodución das plantas.                      - A auga e os seres vivos.</p> <p><u>Tarefa competencial:</u></p> <p>. Por que é tan importante a fotosíntese?                      . Descubrimos a reprodución sen semente.</p> <p><b><u>Os seres vivos no seu medio</u></b>  <u>Contidos:</u>                      -Comunidades de seres vivos e ecosistemas.                      -Como funcionan os ecosistemas.                      -Os cambios nos ecosistemas.                      -O ser humano nos ecosistemas.</p> <p><u>Tarefa competencial:</u>                      . Coñecemos os espazos naturais protexidos.                      . Preparamos unha exposición.</p>	<p><b>2ª AVALIACIÓN (3-4)</b>  <b><u>A nutrición humana</u></b>  <u>Contidos:</u>                      -Necesitamos alimentarnos.                      A dieta.                      -O aparato dixestivo e a dixestión.                      -O aparato respiratorio e a respiración.                      -O aparato circulatorio e a circulación.                      -Os aparatos que realizan a excreción.                      -Saúde e hixiene da función de nutrición.</p> <p><u>Tarefa competencial:</u></p> <p>. Aprendemos hábitos para “ funcionar” mellor .</p> <p><b><u>A relación humana</u></b>  <u>Contidos:</u>                      -Sentimos cousas e reaccionamos.                      -A visión e a audición.                      -O olfacto, o gusto e o tacto.                      -O noso aparato locomotor.</p> <p><u>Tarefa competencial:</u>                      .Linguaxes para axudar.                      .Creamos un mundo máis accesible.</p>	<p><b>3ª AVALIACIÓN (5-6)</b>  <b><u>A materia e os seus cambios</u></b>  <u>Contidos:</u>                      -Os materiais:propiedades, estados e usos.                      -Os materiais e as forzas.                      -Os materiais e as transferenciasde enerxía.                      -Os materiais , a luz e os fenómenosluminosos.</p> <p><u>Tarefa competencial</u></p> <p>. Estudamos un material!.                      A auga                      . Canto lixo!                      . Aforramos materia e enerxía na aula.</p> <p><b><u>As máquinas e a tecnoloxía</u></b>  <u>Contidos:</u>                      -A tecnoloxía e as máquinas.                      -Os operadores mecánicos básicos.                      -Mecanismos e máquinas compostas.                      -As máquinas, a enerxía e as súas consecuencias</p> <p><u>Tarefa competencial:</u>                      .Construímos una catapulta.                      .Inventos,inventoras e inventores.                      .Unha exposición sobre máquinas.</p>

### **OBXECTIVOS**

- Coñecer os diferentes tipos de seres vivos que hai na Terra, e especialmente, os animais e as plantas.
- Describir as características xerais das plantas, as súas partes e as funcións.
- Valorar a importancia da auga para a vida dos seres vivos.
- Coñecer como funcionan os ecosistemas e os seus cambios.
- Valorar a importancia dunha boa nutrición.
- Definir dieta e dieta saudable.
- Nomear os aparatos: dixestivo ,respiratorio ,circulatorio e excretor.
- Definir a función de relación.aparato locomotor.
- Comprender a importancia dos órganos dos sentidos.
- Definir a materia : propiedades,estados.
- Diferenciar materiais naturais e os materiais artificiais.
- Definir enerxía e coñecer algunhas formas nas que se manifesta.
- Distinguir as fontes renovables de enerxía e as fontes non-renovables de enerxía.
- Definir máquinas, identificar algúns dos seus elementos e describir, de forma sinxela, o funcionamento das máquinas simples.
- Distinguir as máquinas simples e as máquinas compostas.

### **METODOLOXÍA**

- A metodoloxía será activa , participativa e globalizadora, favorecendo a integración dos alumnos/as na dinámica xeral da aula para a adquisición das aprendizaxes.
- Arbitraranse dinámicas que fomenten o traballo en grupo, partindo do noso contorno.
- A linguaxe utilizada será clara e sinxela e a gradación das actividades fará que aparezan en último lugar as que requiren maior esforzo.

### **CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación practicarase da seguinte maneira:

- **Individualizada:** centrándose na evolución de cada alumno/a, e na súa situación inicial e particularidades.
- **Cualitativa** : onde se aprecian e avalían de forma equilibrada os distintos niveis de desenvolvemento do alumno/a.
- **Orientadora** : achegando ao alumno/a a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe.
- **Continua** : con diversos momentos de aprendizaxe pasando por unha fase inicial que nos achega datos acerca dos coñecementos previos de cada alumno/a.
- **Os instrumentos a utilizar:** a observación directa do traballo diario da clase, reproducir esquemas por escrito e fichas de avaliación para comprobar a adquisición de coñecementos.

